

## MEMORIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E O CONCELLO DE A MEZQUITA EN MATERIA DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora da Axencia Tributaria de Galicia, DECLARA:

A Axencia Tributaria de Galicia ten previsto formalizar co Concello de A Mezquita o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a data da firma do convenio. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto anteriormente, as partes poderán mediante addenda acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no principio de colaboración mutua entre Administracións Públicas e conforme o principio de colaboración establecido no artigo 3.1 k) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En atención ao preceptuado no artigo 8 apartado 1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e no artigo 7 do Decreto 202/2012, do 18 de outubro, a Axencia Tributaria de Galicia e o Concello de A Mezquita teñen mutuo interese en establecer un marco de colaboración apropiado que permita que a recadación en vía executiva dos ingresos de dereito público do que sexa titular o devandito Concello sexa realizado a través dos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia.





O presente Convenio suscrito entre a Atriga e o Concello en materia de recadación en vía executiva ten natureza administrativa e se rexe polo disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, correspondendo á xurisdición contencioso administrativa o coñecemento dos litixios que do mesmo puideran derivarse.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado de forma electrónica en Santiago de Compostela  
A directora

